

# Actividades de Primavera (Semana Santa)

2019



**CONCELLO DE FRADES**

# CURSOS, XORNADAS E SAÍDAS PARA PERSOAS ADULTAS

## HORTA ECOLÓXICA 3ª EDICIÓN

Neste curso coñeceremos as plantas e as súas funcións. Tamén veremos as propiedades do solo, como conservalas, control de pragas e enfermidades, malas herbas, aprender a realizar fertilización e coñecer as rotacións dos cultivos máis importantes.



**Duración:** 30 horas

**Prezo:** 40 €

**Lugar:** Multiúsos de Frades/leira municipal

**Grupo mínimo:** 20 alumnos/as-máximo 25

**Datas e Horario:** A convir unha vez que se forme grupo

Hai prazas vacantes.

## CURSO DE PODA EN VERDE (2ª EDICIÓN)



**Contidos:** Xeneralidades da poda en verde, técnicas básicas de poda, especies máis comúns e a súa poda (froiteiras, hortalizas, ornamentais...)

Cultivo, recolección e conservación. Usos e aplicacións.

**Lugar:** Multiúsos de Frades

**Prezo:** 20 €

**Duración:** 16 horas

**Horarios:** Sábados de 10:00 a 12:00h

**Grupo mínimo:** 20 alumnos/as e máximo de 25

**Data de comezo:** cando se forme grupo

Quedan algunhas prazas vacantes.





## CURSO DE XARDINERÍA

**Duración:** 16 horas

**Prezo:** 20€

**Grupo mínimo:** 20 alumnos/as e máximo de 25

**Contidos:** Nocións xerais sobre o xardín, principio de deseño, preparación do terreo, tarefas de construción e instalacións no xardín e mantemento deste

**Data de comezo:** a convir unha vez se forme grupo

**Lugar:** Multiúsos de Frades/leira municipal.



## PLANTAS AROMÁTICAS E MEDICINAIS (3ª EDICIÓN)

**Contidos:** Os principios activos, partes útiles das plantas, (perexil, romeu, alfabaca, tomiño, menta, ourego, salvia...) Cultivo, recolección e conservación. Usos e aplicacións.

**Lugar:** Multiúsos de Frades

**Prezo:** 20 €

**Duración:** 16 horas

**Horarios:** Sábados de 10:00 a 12:00h

**Grupo mínimo:** 20 alumnos/as e máximo de 25

**Data de comezo:** cando se forme grupo.



## CURSO DE APICULTURA

**Usuarios/as:** Interesados/as en xeral

**Lugar:** Multiúsos de Frades

**Horario/Prezo:** A determinar unha vez que se forme grupo

**Duración:** 16 horas

**Grupo mínimo:** 15 persoas, máximo 20 (quedan 4 prazas vacantes)

**Contidos:** Facer núcleos, enxames, crías de raíñas, arpas eléctricas, tratamento de varroa...





## CHARLAS CONSULTORA – APROVEITAMENTO DO TERREO/USO DE FERTILIZANTES E MELLORA DAS CONDICIÓN S PARA A SEMENTEIRA DE TEMPADA

**Data de comezo:** cando se forme grupo

**Lugar:** Multiúsos municipal

**Grupo máximo:** 12 alumnos/as

**Actividade gratuíta.**

## CHARLA INFORMATIVA SUCESIÓN E HERDANZAS

**Data:** Venres 29 de marzo

**Lugar:** Multiúsos de Frades

**Horario:** De 16:00 a 18:00 horas

**Actividade gratuíta.**

## MANIPULADOR DE ALIMENTOS



**Destinatarios/as:** Toda persoa que, pola súa actividade laboral, interveña nalgunha das fases polas que pasan os alimentos: preparación, fabricación, transformación, envasado, transporte, distribución, manipulación, venda, subministración e servizo

**Lugar:** Multiúsos municipal de Frades

**Prezo:** 20€ persoa

**Horario:** A determinar unha vez que se forme grupo.

## PREPARACIÓN PARA AS PROBAS DE GRADUADO EN ESO. CONVOCATORIA DE SETEMBRO



**Lugar:** Multiúsos municipal

**Idades:** Maiores de 18 anos

Máis información no Concello.

## CURSO DE INFORMÁTICA

**Contidos:** Internet (navegación, correo electrónico, redes sociais...), paquete de Office (Word, Excel, Access, Powerpoint)

**Obxectivo:** Formación personalizada

**Lugar:** NOVA Aula de informática municipal (Multiúsos de Frades)

**Frecuencia:** 2 días por semana, 2 h ao día

**Prezo:** 20 € por mes (non empadroados/as 30€)

**Duración:** 50 horas

**Grupo máximo** 10 alumnos/as.



## MANEXO DE SMARTPHONES OU TABLETAS (teléfonos móbiles)

**Data de comezo:** cando se forme grupo

**Lugar:** Multiúsos municipal

**Grupo máximo:** 12 alumnos/as

**Actividade gratuíta.**



## TÉCNICAS DE RELAXACIÓN

**Data de comezo:** cando se forme grupo.

**Lugar:** Multiúsos municipal

**Grupo máximo:** 12 alumnos/as

**Actividade gratuíta.**



## COIDADO DO/A COIDADOR/A

**Contidos:** Apoio psicosocial ao/á coidador/a de persoas en situación de dependencia

**Data de comezo:** cando se forme grupo

**Lugar:** Multiúsos municipal

**Grupo máximo:** 12 alumnos/as

**Actividade gratuíta.**





## CARRETILLEIRO/A



**Duración:** 20 horas

**Lugar:** Multiúsos de Frades (teoría) e cooperativa de Frades (prácticas)

**Horario:** A convir unha vez que se forme grupo

**Prezo:** Matrícula 100€

## XABÓNS ARTESANAIS



**Data:** Venres 26 de abril

**Horario:** De 16:00 a 19:00 horas

**Contidos:** Elaboración de xabóns artesanais con ingredientes naturais

**Lugar:** Multiúsos de Frades

**Grupo mínimo:** 15 persoas

**Actividade gratuíta**

## OUTROS CURSOS *(Máis información no Concello)*

- Benestar Animal
- Nutrición e Dietética
- Mozo/a de Almacén
- Manipulación de Produtos Fitosaniarios e Renovación
- Conservación de Alimentos
- Arte Floral
- Elaboración Bixutería con Pasta Fría
- Cestería
- Restauración e Tapicería de Mobles
- Patchwork
- Repostería Creativa
- Cociña



## EXCURSIÓN A SALAMANCA

Visitaranse as cidades de Béjar, Candelario, Salamanca, La Alberca, Ciudad Rodrigo e Alba de Tormes

Datas: 5, 6 e 7 de abril. Anotacións no Concello ata o 29 de Marzo.


**Preferencia empadroados/as en Frades.**

Prazas: limitadas a 57 persoas como máximo.

Prezo: 165€ empadroados/as, 195€ non empadroados/as.

Nenos (ata 12 anos incluídos) 120€ empadroados/as, 150 € non empadroados/as  
Pensión completa.

Reserva de número de asento e praza por orde de inscrición.



## EXCURSIÓN AS MÉDULAS E PONFERRADA

Visitaremos as Médulas (antigas minas romanas de ouro), o Castelo dos Templarios en Ponferrada e outros lugares de interese

Datas: sábado 20 de Abril

Saída do Concello ás 8:00 da mañá

**Preferencia empadroados/as en Frades.**

Prezo: 30€ adultos/as. 20 € ata 12 anos (incluído), Comida, almorzo e entradas incluídas.

Anotarse no concello antes do 11 de Abril





## XXII FESTA DOS NOSOS MAIORES



Xantar ofrecido polo Concello de Frades aos nosos maiores, amenizado por actuacións musicais e xogos populares . Homenaxe ás persoas maiores de 90 anos.

**Data:** Sábado 25 de maio

**Horario:** A partir das 13:00 h

**Prezo:** Empadroados/as-Gratuito

Non empadroados/as-consultar prezo no concello

**Asistentes:** Maiores de 60 anos

**Lugar:** Campo de San Nicolau

Máis información no Concello.

## DÍA DO LIBRO

### POSTA EN FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL no Multiusos de Frades

#### ACTUACIÓN MUSICAL E CONTACONTOS: PICADISCOS MARIFALTRI

Data: 23 de abril

Horario: A partir das 17:00 h

Posta en funcionamento da biblioteca municipal no Multiúsos de Frades, coa actuación de "Picadiscos Marifaltri", quen realizará un repaso dos grandes éxitos da música infantil galega con coreografías e animación coa súa minibiblioteca ambulante.

O concello participa na campaña "LIBROS PARA SERMOS LIBRES" na que se regalarán libros doados pola Deputación da Coruña.

Anotarse no Concello antes do 17 de abril



COLABORA:





# ACTIVIDADES SEMANA SANTA

## XORNADAS, ACTUACIÓNS E SAÍDAS PARA NENOS/AS E MOZOS/AS

### CAMPAMENTO/CONCILIACIÓN DE SEMANA SANTA

**Data:** 15, 16 e 17 de abril

**Horario:** De 9:30 a 13:30 horas

**Lugar:** Multiusos de Frades

**Contidos:** Xogos, talleres e obradoiros de Semana Santa

Prazas limitadas por orde de inscrición

Nenos e nenas a partir dos 4 anos

**Actividade gratuíta**

Anotarse no concello antes do 12 de abril

**Colaboran:**



XUNTA  
DE GALICIA



Unión Europea



CONCELLO  
DE FRADES

galicia



Xacobeo 2021

## SAÍDA A URBAN PLANET E AO MUSEO DA HISTORIA NATURAL (SANTIAGO)

**Día:** Martes 16 de abril

Saída do Concello ás 10:00

Visitaremos o recentemente estreado parque de saltos en camas elásticas **Urban Planet** en Área central, onde os nenos e nenas poderán desfrutar de todas as actividades, tamén contan cunha zona para os máis pequenos e pequenas.


Comida, e pola tarde faremos unha visita ao Museo de Historia natural

Os/as menores de 12 anos deberán ir acompañados/as dun/ha adulto/a e os/as mozos/as entre 12 e 18 anos con autorización asinada polos pais/nais ou tutores/as

**Prezo:** 18€ empadroados/as comida incluída.

22€ non empadroados/as comida incluída.

Anotarse no Concello antes do 10 de abril.



## ACTUACIÓN DE CONTACONTOS E MÚSICA (PAKOLAS LAURA ROMERO)

**Contido:** "Contos, Cores e Rock 'n' Roll" chega da man de Pakolas como un espectáculo de pequeno formato onde a interacción coas nenas e nenos, a súa música, acompañada por contos e historias, e as cores e debuxos en directo de Laura Romero son o principal atractivo para o público.

Máis tarde merenda con chocolate

**Lugar:** Multiúsos de Frades

**Data:** mércores 17 de abril

**Horario:** 16:30

**Actividade gratuíta.** Os/as menores de 4 anos deberán ir acompañados/as dun/ha adulto/a

Anotarse no concello antes do 12 de abril



**COLABORA:**  **Deputación DA CORUÑA**

# ACTIVIDADES DÍA DAS LETRAS GALEGAS EN HOMENAXE A ANTÓN FRAGUAS

## MUSICREQUES (contacontos e teatro musical) para Infantil e Primaria.

Espectáculo de contacontos e teatro con música en directo

**DATA:** Semana das Letras Galegas

**LUGAR:** CPI Ponte Carreira

**COLABORA:**  **Deputación DA CORUÑA**



## CONTO MUSICADO "A BANDA DO MEU POBO"

Conto musicado "A Banda do meu pobo" da asociación Antonio Gandoy (Preescolar na casa)

Asistentes nenos/as de Preescolar e Infantil

**Data:** Luns 13 de maio

**Horario:** 11:10 h

**Lugar:** CPI de Ponte Carreira





# DEPORTES

## VI CARREIRA POPULAR CONCELLO DE FRADES

Terá lugar a VI Carreira Popular do Concello de Frades na localidade de Ponte Carreira baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo.

Poderán participar atletas federados/as e non federados/as.

Haberá entrega de medallas para todos/as os/as escolares.

Entrega de camisetas, bebida e froita para todos/as os/as participantes.

Inscricións na web [www.emesports.es](http://www.emesports.es)

Máis información nas páxinas web: [correren Galicia](http://correren Galicia), [carreiras galegas](http://carreiras galegas) e [emesport.es](http://emesport.es).

**Data:** mércores 1 de maio

**Horario:** A partir das 10 da mañá

**Prezo:** Categorias escolares:  
Gratuíta.

Adultos/as: 5 €



## LIGA FÚTBOL SALA ESCOLAR NEN@S

Comezo da liga intermunicipal de fútbol sala base 2019. O campión de cada categoría xogará a fase provincial a finais de maio.

O subcampión xogará a fase zonal en Santiago.

**Data de comezo:** de novembro ata maio.



## LIGA DE FÚTBOL SALA DO CONCELLO DE FRADES

### CATEGORÍA DE ADULTOS

O torneo será por sistema liga, pasando para semifinais os catro primeiros. O campión representará ao Concello de Frades no campionato intermunicipal o 25 de Maio en Arzúa.

Trofeos para os catro primeiros, así como para o pichichi e o Zamora

**Data:** Comezo da liga o 26 de marzo ata finais de maio

**Lugar:** Pavillón municipal de Ponte Carreira





## GALA DE PATINAXE



**Data:** Sábado 27 de abril

**Horario:** A partir das 16:30h

**Lugar:** Pavillón de Ponte Carreira

**Participantes:** Concellos das comarcas veciñas  
Trátase dunha xornada sociodeportiva de carácter lúdico-recreativo non competitiva na que cada escola poderá demostrar os seus coñecementos adquiridos independentemente de calquera condición

Haberá medallas e merenda para todas e todos os participantes.

## CLAUSURA DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS



**Data:** Sábado 8 de xuño

**Horario:** A partir das 16:00h

Haberá xogos, exhibicións de patinaxe, zumba, pilates, fútbol sala, debuxo e pintura, etc...

Ao remate, entrega de diplomas e merenda para as persoas participantes.

**Lugar:** Pavillón de Ponte Carreira.

## DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS

- SERVIZO DE PODOLOXÍA A DOMICILIO
- PERRUQUERÍA
- FISIOTERAPIA

**Destinatarios/as:** Persoas con grao de dependencia ou usuarios/as de servizos sociais

**Prezo:** Gratuíto

Prazas limitadas

Máis información en servizos sociais do Concello de Frades.





## REQUISITOS XERAIS DAS ACTIVIDADES

- \* TERÁN PREFERENCIA AS PERSOAS EMPADROADAS EN FRADES, AS NON EMPADROADAS CONSULTAR PREZOS.
- \* MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS NO CONCELLO DE FRADES.
- \* PARA TODAS AS ACTIVIDADES DEBERÁ XUNTARSE GRUPO MÍNIMO, EN CASO DE NON XUNTARSE GRUPO A ACTIVIDADE PODERÁ SER CANCELADA.
- \* O PAGO DE TODAS AS ACTIVIDADES FARASE A TRAVÉS DO NÚMERO DE CONTA:  
ES36 0049 2722 31 2914050280

Pasos a seguir:

1. Inscribirse no concello para a actividade que se queira realizar.
2. Pago mediante ingreso ou transferencia no número de conta arriba indicado, poñendo no concepto a actividade que se vai realizar e o nome da persoa participante.

## NOTAS RECORDATORIAS

### BONIFICACIÓN DO IBI PARA EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS

Se vostede é un/ha dos/as veciños/as que tivo a bonificación durante o ano 2018 non ten que solicitala de novo, esta bonificación estará vixente mentres manteña a actividade.

É obriga das persoas beneficiarias comunicar calquera cambio substancial na situación que dá orixe á bonificación (cese de actividade, modificación de titularidade etc).

Só terán que pasar polo concello aquelas persoas ás que se lles denegara e agora cumpran os requisitos para achegar a documentación ou aquelas persoas que inician a actividade agrogandeira.

**MÁIS INFORMACIÓN NO CONCELLO**

## MEDIO AMBIENTE


### PUNTO LIMPO DE FRADES

Horario: Os mércores de 16:00 a 20:00 e sábados de 12:00 a 16:00.

Lugar: Ao lado do local social de Cértigos (lugar de Alemparte).

Depósito de residuos: Gratuito para todos os veciños e veciñas dos Concellos de Frades e Mesía.

Para máis información sobre o tipo de residuos que se poden depositar no punto limpo chamar ao Concello.



## **RESIDUOS VOLUMINOSOS**

(Electrodomésticos e ferros). A recollida será os primeiros mércores de cada mes.

Nota importante: Por favor depositar estes residuos o día antes da recollida ao lado dos contedores habituais.

## **RECOLLIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS (No punto limpio ou nas explotacións gandeiras)**

Depositálos no punto limpo situado en Céltigos ao lado do local social. Hai que entregalos perfectamente pregados e atados. Os plásticos non se poden depositar nin dentro nin ao lado dos colectores das parroquias, xa que o servizo de recollida non se fai cargo deles.

**Nota importante: Poderanse recoller os plásticos nas explotacións sempre e cando chamen antes ao Concello para anotarse.**

## **XESTIÓN DE ENVASES FITOSANITARIOS BALEIROS**

Lémbrese que está prohibido queimar ou depositar nos colectores os envases baleiros de produtos fitosanitarios de uso agrario, tales como: herbicidas, insecticidas...

Deberán ser lavados e entregados nalgún establecemento de venda de produtos deste tipo para o seu tratamento.

## **COLECTORES DE RECOLLIDA DE ACEITE VEXETAL USADO DOMÉSTICO**

Existen 3 colectores para a recollida de aceite de uso doméstico nos seguintes puntos do Concello: Praza de Ponte Carreira, Campo de Fútbol de Abellá e Casa do Concello.

**Por favor usádeos e axudaremos a mellorar a calidade das nosas augas.**

## **COLECTOR DE ROUPA**

Existen tres colectores de recollida de roupa e calzado. Están situados na praza do Concello, en Ponte Carreira e xunto ao campo de fútbol de Abellá.

## **SEPARACIÓN DE REFUGALLO**

Á hora de tirar o lixo é importante separar e reciclar nos colectores que existen no noso concello para este fin (azul para cartón, amarelo para envase de plástico e iglú verde para o vidro).

## **COMPOSTEIROS DOMÉSTICOS (NOVIDADE)**

O concello de Frades vai poñer en marcha o programa de compostaxe doméstica promovido por Sogama en Galicia e ao que se adheriu recentemente o noso concello.





Vanse poñer á disposición dos veciños/as de Frades de xeito experimental 25 composteiros cedidos por Sogama con capacidade de 400 l.

Os veciños e veciñas participantes nesta 1ª fase recibirán manuais didácticos de formación para poder conseguir un compost de calidade para usar nas súas hortas con garantías e farase un seguimento por parte do concello de bo uso dos composteiros.

Os/as interesados/as en participar nesta iniciativa poderán facer a súa solicitude no concello a partir do día 8 de abril e concederanse por rigorosa orde de inscrición ata as 25 primeiras solicitudes.

O resto de solicitudes quedarán en reserva para un novo reparto nunha 2ª fase.

### **ACCESOS ÁS LEIRAS PARTICULARES**

Infórmase que en ningún caso os accesos ás leiras interromperán ou modificarán as escorrentías das gabias. Para mellor conservación das pistas municipais e así beneficiarnos todos e todas, lembramos a obrigatoriedade de colocar tubos coas medidas adecuadas nas entradas das leiras.

### **DISTANCIAS MÍNIMAS EN PLANTACIÓNS FORESTAIS**

**Informamos á veciñanza de que segundo o anexo II da Lei 7/2012, de 28 de xuño, as distancias mínimas que deben respectar as repoboacións forestais, en función da especie da que se trate, son as seguintes:**

	<b>FRONDOSAS</b> (ameneiros, bidueiros, castiñeiros, carballos, loureiros, nogueiras...)	<b>RESTOS DE ESPECIES</b> (eucaliptos, piñeiros, acacias...)
Autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais	4 m	10m
Pistas forestais principais	2 m	4m
Vivendas, solo urbano, núcleos rurais	15 m	50 m

**As distancias deben medirse dende o límite do dominio público, é dicir, dende a aresta exterior da gabia. O non cumprimento da Lei constitúe unha infracción administrativa grave, que poderá dar lugar á obriga de reparar o dano causado así como ao pago dunha multa sancionadora.**

**Máis información no Concello.**



MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS  
NO CONCELLO DE FRADES

981 695 567 - 981 695 663

[www.concellodefrades.es](http://www.concellodefrades.es)



ORGANIZA:



**CONCELLO  
DE FRADES**

COLABORAN:



**XUNTA  
DE GALICIA**



**Deputación  
DA CORUÑA**

